



## Concello de Guitiriz

---

**ANUNCIO Nº4.-Tribunal de selección de 2 técnicos/as medio PAI, persoal laboral fixo (OEP de 2020, estabilización de emprego temporal, arts.19.uno.7 e 9 LOXE 18). Expte: 224/2020.**

O Tribunal do proceso selectivo de referencia na sesión de data 3-06-2021 ACORDOU:

1º.- Contestar as alegacións presentadas contra os resultados provisionais no seguinte sentido:

**-Desestimar as alegacións de dona Ana Maria Varela Núñez e con RE-E- 397 en base ao seguinte:**

Non procede estimar a alegación presentada posto que a mesma e extemporánea, en canto que en data 22 de febreiro de 2021 publicouse anuncio sobre lista provisional de admitidos e excluídos, no cal se dicía:

*“De conformidade coa base 5.2. das bases da convocatoria, durante o prazo máximo de 10 días hábiles, dende a publicación da lista provisional no BOP de Lugo, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015 os/as interesados/as poderán corrixir os defectos a que alude no referido artigo, e formular reclamacións á lista provisional.”*

Engadir que a aspirante puido efectuar alegacións fronte a valoración da fase de concurso, posto que en data de 07 de maio de 2021 publicouse anuncio no cal se outorgaba una nova garantía a nivel procedimental, concretamente se manifestaba:

*“De acordo coas bases da convocatoria as interesadas disporán dun prazo de 3 días hábiles (ata o mércores 12 de maio) para realizar reclamacións ante o Tribunal.”*

Novamente non consta que a alegante realizase manifestacións ao respecto, a pesar de ter a posibilidade por segunda vez de alegar o que estimase convinte aos sus dereitos, de modo que admitir neste momento procedimental relativo ao estudo sobre alegacións relativas a fase de oposición e non de concurso implicaría un trato diferente do resto dos aspirantes e por tanto contrario ao principio de igualdade, que debe rexir como principio inspirador neste tipo de procesos e dado que foi a propia actuación da aspirante a que a coloca nunha situación determinada, que ela entende contraria a dereito.

---

**Concello de Guitiriz**

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: M0YH5NME4NWTQ55GRENHYD06YQ | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5



## Concello de Guitiriz

Neste senso, a boa fe e flexibilidade do tribunal está supeditada a principios esenciais de funcionamento de carácter superior, como e o citado principio de igualdade que prevalece sobre outro tipo de consideracións, polo que procede desestimar a citada alegación.

### **-Desestimar as alegacións de dona Ester Perez Tato con RE 2299 en base ao seguinte:**

En primeiro lugar o tribunal considera oportuno aclarar que en ningún caso pode entenderse como correcto o manifestado pola alegante, cando afirma que se permitiu a entrada doutro aspirante co exercicio iniciado, posto que o exercicio iniciouse as 11:10 AM, e a aspirante presentouse antes de dito inicio. Destacar a este respecto que polo tribunal déronse instrucción expresas de non ler o exercicio ata o seu comezo, que se realizou a hora citada.

Neste senso a alegante invoca o suposto quebrantamento dos principios de confianza lexítima, transparencia, boa fe e proporcionalidade, posto que considera que non se debeu aceptar que un aspirante realizase o exame despois do chamamento, aínda que se presentase antes do inicio do exercicio, si ben non se indica por que esa actuación viola tales principios.

Neste senso o tribunal considera que os únicos principios que estarían en xogo, en relación aos feitos que a aspirante califica como erro, serían o de confianza lexítima e o de proporcionalidade, si ben parece desprenderse que cando fala do principio de confianza lexítima realmente quere falar do principio de legalidade.

O principio de confianza lexítima a nivel doutrinal enténdese a modo de garantía dos cidadáns fronte a aquela actuación dos poderes públicos, que de forma sorpresiva, modifican unha situación xurídica previamente establecida polos mesmos, vulnerando a confianza que depositaron na súa previa actuación.

O principio de proporcionalidade implica segundo a Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de junio de 2003, que *"el principio de proporcionalidad expresa, en general, la necesidad de una adecuación o armonía entre el fin de interés público que se persiga y los medios que se empleen para alcanzarlo"*

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

Da interacción de ambos principios, o tribunal considera que a súa actuación debe buscar un equilibrio entre a selección do mellor aspirante no proceso selectivo, que sería o interese público perseguido, e o cumprimento das normas que articulan o mesmo, polo que permitir que un aspirante realice un exercicio cando se presenta de modo case inmediato ao seu chamamento, sen que o exercicio esté iniciado para o resto de aspirantes, non vulnera dito equilibrio, principalmente porque este aspirante realiza o exercicio nas mesmas condicións que o resto e dado que ademais ningunha obxección se realizou polo resto de aspirantes, incluso polo que agora parece alegar mala fe do tribunal.

Así, aplicar un rigorosísimo extremo no chamamento sería desproporcionado, por exemplo, non permitir que un aspirante realice un exame no caso de presentarse dez segundos mais tarde ao seu chamamento, e con mais razón dadas as diferentes casuísticas que se poden dar e que impiden que alguén se presente con absoluta puntualidade.

### **-Desestimar as alegacións de dona Ester Perez Tato con RE 2298 en base ao seguinte:**

A alegante en ningún caso motiva o seu desacordo coa puntuación obtida inicialmente, a pesar diso procedese por parte do tribunal a revisión íntegra do exame tal como solicita a alegante, concluíndo os membros do tribunal que o exame esta debidamente corrixido non modificando así a puntuación inicial.

2º.- Publicar, de acordo coa base oitava da convocatoria, a lista provisional dos/a aspirantes que superaron o proceso selectivo cos resultados totais do concurso-oposición, e a lista provisional de aprobados no proceso selectivo a efectos de posibles reclamacións durante un prazo de tres días.

A relación provisional dos 16 aspirantes que superaron o proceso selectivo cos resultados totais do concurso oposición é o seguinte:

| Nº control | Nome e apelidos          | Concurso (40 puntos) | Oposición (60 puntos) | TOTAL |
|------------|--------------------------|----------------------|-----------------------|-------|
| 1ª         | Paz Saavedra, Ana María  | 34,7                 | 46                    | 80,7  |
| 2ª         | Grobas Ferreño, Verónica | 34                   | 44                    | 78    |

## Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

|     |                           |       |      |       |
|-----|---------------------------|-------|------|-------|
| 3ª  | Miragaya Acción, Consuelo | 32    | 43   | 75    |
| 4ª  | Valle Lovelle, Raquel     | 26,55 | 42   | 68,55 |
| 5ª  | Peteiro Bao, María        | 10    | 52,5 | 62,5  |
| 6ª  | Neira Palacios, Cristina  | 5,2   | 55   | 60,2  |
| 7ª  | Álvarez López, Patricia   | 13,5  | 39   | 52,5  |
| 8ª  | Chao Prieto, Thais        | 14,70 | 37,5 | 52,2  |
| 9ª  | Rodríguez Maneiro, Belén  | 8,5   | 40,5 | 49    |
| 10º | Escaneo González, Ainara  | 6,5   | 42   | 48,5  |
| 11º | Pita Faraldo, Sabela      | 11,20 | 36   | 47,20 |
| 12º | Varela Núñez, Ana María   | 3,2   | 42   | 45,2  |
| 13º | Fernández Roca, Vanesa    | 6     | 39   | 45    |
| 14º | Santos Torre, Sonia       | 7,5   | 31,5 | 39    |
| 15º | Deibe Maroño, Paula       | 7     | 31,5 | 38,5  |
| 16º | López García, Erea        | 4,7   | 33   | 37,7  |

A lista provisional dos/as aspirantes aprobadas no proceso selectivo de **2 Técnicos/las Medios do PAI como personal laboral fixo** é a seguinte:

---

## Concello de Guitiriz

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178





## Concello de Guitiriz

| Nº orde | Nome e Apelidos          | Concurso (40 puntos) | Oposición (60 puntos) | TOTAL |
|---------|--------------------------|----------------------|-----------------------|-------|
| 1º      | Paz Saavedra, Ana María  | 34,7                 | 46                    | 80,7  |
| 2º      | Grobas Ferreño, Verónica | 34                   | 44                    | 78    |

Mediante Resolución de Alcaldía determinarase a lista definitiva do/a aspirante aprobado que será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello de Guitiriz e na Sede Electrónica do Concello, a efectos de que as aspirantes aprobadas presenten a documentación prevista na base 9 da convocatoria para formalizar o correspondente contrato laboral como persoal laboral fixo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE  
O secretario do Tribunal

Pablo Portela Fernández  
Secretario do Concello de Guitiriz

---

**Concello de Guitiriz**

Rúa do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: MQYH5NME4NWTQ5GRENHYD06YQ | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 5